

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE ENXEÑERÍA CIVIL

LUGAR: Sala de Grados I da Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos

DATA: 11 de decembro de 2017

HORA DE COMEZO: 13:05 h

HORA DE REMATE: 13:45 h

-

ASISTENTES:

Julia Álvarez García

José Anta Álvarez

Viviana Barneche Naya

Victor Barrientos Rodríguez

Alfredo Del Caño Gochi

Diego Carro López

María Pilar De La Cruz López

Javier Eiras López

María Belén González Fonteboa

Luis Antonio Hernández Ibáñez

Manuel Francisco Herrador Barrios

Fernando Martínez Abella

María Isabel Martínez Lage

María Rocío Mihura López

Juan Naves García-Rendueles

Alfonso Orro Arcay

Damián Pazos Taboada

Luis Pena Mosquera

Enrique Peña González

Juan Luis Pérez Ordóñez

Ignacio Pérez Pérez

Alexandre Ismael Prada Varela

Jerónimo Puertas Agudo

Miguel Domingo Rodríguez Bugarín

Ana María Rodríguez Pasandín

Gemma Rojo López

Gumersinda Seara Paz

Luis Sotelo Domínguez

Francisco Javier Taibo Pena

Francisco Alberto Varela García

Julia Vázquez González

ESCUSAN A SÚA AUSENCIA:

Luis Esteban Medina Rodríguez

Francisco Javier Samper Calvete

Luis Montenegro Pérez

Ana María Vázquez González

Margarita Novales Ordax

Preside a Sesión a Sra María Isabel Martínez Lage, directora do Departamento. Actúa como secretaria a Sra. Julia Álvarez García.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores

Apróbanse por asentimento as actas da reunión ordinaria do 1 de xuño do 2017 e da reunión extraordinaria do 7 de xullo do 2017.

2. Informe da directora

a) Profesorado:

A directora informa do resultado das solicitudes de cambio de dedicación ou de novas prazas de profesorado que se aprobaron por este Consello. A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente deu o visto e praxe ao cambio de Área do profesor José Ramón Fernández de Mesa e ao aumento de dedicación do profesor José Antonio Seoane Nolasco. Polo contrario, non se concedeu o aumento de dedicación do profesor Juan Antonio Rodríguez Pardo nin a praza de asociado P06 para á Área de *Proxectos de Enxeñería*.

Tamén informa da renovación de todos os contratos de profesores asociados e interinos de substitución. Ángel González, Antonio López, Ramón Martínez e José Miguel Solas baixaron de P06 a P05 e David Hernández de P06 a P04.

b) Bolseiros de colaboración:

Os alumnos elixidos para colaborar co departamento son: Tania García Cainzos e Antonio Vilas Gómez. A primeira colaborará coas Áreas de Enxeñería do Terreo, Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría, e Enxeñería e Infraestrutura do Transporte e o segundo con Tecnoloxías do Medio Ambiente, Enxeñería Hidráulica e Enxeñería da Construción.

d) Páxina web:

Neste apartado a directora informa de que se contratou a empresa Crece Labora para a realización da páxina web do Departamento. Cando se teña unha proposta, enviarase aos membros do Departamento por si queren aportar ideas que permita melloralas.

d) Mestrado Internacional de Sustentabilidade

A directora informa de que aínda que non é un tema do Departamento, considera que pode ser de interese dos membros deste Consello. Indica que despois de varias reunións coa Universidade de Magdeburg e de Le Havre, se levou á Comisión Permanente da E.T.S. de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos a proposta para un Mestrado Internacional en Construción Sostible e a correspondente solicitude do Erasmus Mundus. A dita Comisión aprobou non trasladar a solicitude á Xunta de Escola e polo tanto, o equipo reitoral será o que o xestione a partires de agora.

3. Solicitudes de avaliación da actividade docente (quinquenios)

A directora informa das solicitudes de avaliación docente recibidas no Departamento e dálle traslado ao Consello para a súa aprobación:

Solicitaron a avaliación da docencia os profesores: M^a Pilar de la Cruz, Belén González Fonteboa, Enrique Peña, Alfonso Orro e Jerónimo Puertas.

Apróbase por asentimento.

4. Modificacións do POD do curso 2017/2018

A directora trae para a súa aprobación diversas modificacións no POD aprobado no Consello do 7 de xullo, todas estas a petición das Áreas.

a) Área de *Enxeñería Hidráulica* Solicitan cambiar as HDE por HDI de Obras Hidráulicas II asignadas a Juan Naves (non pode impartir HDE porque é bolseiro posdoutoral). O POD desta materia quedaría:

- José Anta: 5 HDE e 5 HDI
- Luis Cea: 25 HDE
- Juan Naves: 15 HDI

Apróbase por asentimento o cambio.

b) Área de *Enxeñería do Terreo*. Os profesores Vicente Alcón e Jesús Fernández asumirán a docencia da profesora Gisela Longueira durante o período de baixa por maternidade. Os cambios afectan ás materias de Enxeñería do Terreo II e a Obras Xeotécnicas. A proposta adxúntase como ANEXO I.

Apróbase por asentimento o cambio.

c) Área de *Enxeñería da Construción*. Solicitan unha praza de Interino de Substitución a tempo parcial P06 para substituír á profesora Cristina Vázquez Herrero, en excedencia desde o mes de setembro de 2017. A proposta do cambio de POD adxúntase no ANEXO II.

Apróbase por asentimento a petición da praza de Interino de Substitución.

A proposta de materias a impartir por dita praza que presenta a directora para a súa aprobación son: “Formigón Estrutural, Edificación e Prefabricación III”, “Análise Experimental e Monitorización de Estruturas” e “Laboratorio de Estruturas de Formigón”.

Proponse como membros titulares do tribunal aos profesores da Área: Fernando Martínez Abella, María Belén González Fonteboa, Manuel Francisco Herrador Barrios, Alfredo del Caño Gochi e María Pilar de la Cruz López.

Os membros suplentes do tribunal que se propoñen son os profesores: Diego Carro López, Javier Erias López, Juan Luis Pérez Ordóñez, Gumersinda Seara Paz e Dolores García Vidaurrázaga.

Apróbase por asentimento a proposta de materias e membros do tribunal.

5. Asuntos de trámite

A directora concede la palabra ao profesor Alfonso Orro Arcay que solicita ao Departamento o apoio para o Mestrado en Loxística e Transporte, título propio da Universidade da Coruña, e do que el é Codirector.

O Consello aproba por asentimento o apoio ao Mestrado.

6. Quenda aberta de palabra

O alumno Luis Sotelo Domínguez suxire á directora que envíe a información dos temas a tratar con un mínimo de 24 horas antes de que teña lugar o Consello de Departamento, para poder decidir con máis coñecemento o s temas.

A directora lle responde que intentará enviar toda a información da que dispoña antes de que teña lugar a sesión do Consello.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión as 13:45 horas e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace

A presidenta

Julia Álvarez García

María Isabel Martínez Lage

Construcción - A Coruña

			Álvarez García, José Antonio	Carro López, Diego	Eiras López, Javier	García Vidaurrázaga, María Dolores	González Fonteboa, María Belén	Herrador Barrios, Manuel Francisco	Martínez Abella, Fernando	Martínez Lage, María Isabel	Pérez Ordóñez, Juan Luis	Rojo López, Gemma	Seara Paz, Gumersinda	Cristina Vázquez Herrero	CLIS	Vieito Raña, Ismael
Grados																
Ingeniería de obras públicas 632G01V01																
Tecnología de los materiales	HDE	45		15	15		15					0				0
	HDI	120		31	31		31					27				0
	HTGR	20		2	2		2					2				12
Legislación y Proyectos	HDE	15								15						
	HDI	22,5								22,5						
Hormigón estructural y construcción	HDE	60						20	20	20						
	HDI	90						30	30	30						
Construcción	HDE	60								50			10			
	HDI	30								25			5			
Laboratorio de estructuras de hormigón	HDE	10,5						1	1			0	3,5			5
	HTGR	42						2	2			2	5	0		31
Calidad en la construcción	HDE	21						21								
	HDI	10,5						10,5								
Edificación y prefabricación	HDE	30								22,5			7,5	0		
	HDI	60								45			15	0		
Tecnología de la ingeniería civil 632G02V02																
Materiales de construcción I	HDE	30		10	10		10									0
	HDI	112		37,5	37		37,5									0
	HTGR	8		2	2		2									2
Materiales de construcción II	HDE	30		10	10		10					0				
	HDI	112		37	37,5		37,5					0				
	HTGR	8		2	2		2					2				
Organización y gestión de proyectos y obras y legislación	HDE	15								15						
	HDI	15								15						
Hormigón estructural, edificación y prefabricación I	HDE	30						15	15							
	HDI	60						30	30							
Hormigón estructural, edificación y prefabricación II	HDE	30		1	1		1		1	0	1		5	0		20
	HDI	60		2	2		2		2	0	2		10	0		40
Historia da ingeniería	HDE	31,5		2					2			0				27,5
	HDI	10,5		1					1			6				2,5
Arquitectura técnica 670G01V01																
Instalaciones I	HDE	90					36				54					
	HDI	90					30				60					
Instalaciones II	HDE	90					24				12	0	54			0
	HDI	150					18				0	23	63			46
Instalaciones I	HDE	60	52				8									
	HDI	120	96				24									
Másteres																
Tecnologías de edificación sostenible 4526V01																
Introducción al TFM: Metodología y planificación de la investigación	HT	1	1													
	HP	2							1				1			
Sistemas e instalaciones de los sistemas de energías renovables	HT	11	5			6										
	HP	10	10													
Técnicas de montaje e integración de los sistemas de energía renovables	HT	11	5			6										
	HP	10	8									2				
Auditoría energética y evaluación de la eficiencia en la edificación I: uso residencial	HT	11	3													
	HP	10									3	7				
Auditoría energética y evaluación de la eficiencia en la edificación II: uso residencial	HT	11	3													
	HP	10	4								1	5				
Técnicas de ahorro y uso eficiente de la energía en los edificios: rehabilitación	HT	11	7				2									
	HP	10	6										2			
Técnicas de acondicionamiento y certificación IAQ de la calidad ambiental interior	HT	11	7							2						
	HP	10	8													
Dirección integrada de proyectos 471V01																
Contorna económica e procedimient. Inicio proxecto	HT	16	16													
	HP	19	19													
Ingeniería de caminos, canales y puertos 4514V01																
Estructuras de hormigón	HT	30						15	15							
	HP	60						30	30							
Edificación. Rehabilitación de estructuras	HT	30						3	3	7,5						16,5
	HP	30						3	3	7,5						16,5
Análisis experimental y monitorización de estructuras	HT	30			2				2		2					24
	HP	15			2				2		2					9
Materiales avanzados	HT	30			10		6	8					6			
	HP	15			3		3	5					4			